



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A ASOCIACIÓN LIGA NOROESTE CON MOTIVO DA ORGANIZACIÓN DA LIGA GALEGA DE TRAIÑEIRAS MASCULINA E FEMININA DA TEMPADA 2017

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2017

REUNIDOS

Marta Míguez Telle, secretaria xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias desconcentradas nos secretarios xerais dependentes da Presidencia, en virtude da disposición adicional segunda do Decreto 176/2016, do 15 de decembro, polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Federico Díaz García, presidente da Asociación Liga Noroeste, con CIF G36497782 e enderezo fiscal na Avda. das Américas 33, 15172 Perillo-Oleiros (A Coruña), no seu nome e representación, en exercicio das facultades atribuídas para o efecto polos seus estatutos.

EXPÕÑEN

- I. Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no artigo 5 do Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- II. Que a Asociación Liga Noroeste organiza a Liga Galega de Traiñeiras masculina e feminina correspondente á tempada 2017 en colaboración cos clubs de remo participantes.
- III. Que a Secretaría Xeral para o Deporte valora moi positivamente a formulación desta competición de alto nivel, entendendo que redundará no beneficio do deporte galego en xeral e do remo en particular.
- IV. O procedemento de outorgamento directo da axuda á Asociación Liga Noroeste xustifícase pola imposibilidade de promover a concorrência, dado que aquela é a responsable da organización da Liga Galega de Traiñeiras, que tanto na categoría masculina como na feminina é a competición desta modalidade de remo que aglutina todos os clubs que participan nesta actividade en augas galegas. Por outra banda, hai que salientar que este tipo de probas tan específicas non poden encadrarse nunha convocatoria en réxime de concorrência competitiva, dado que non é axeitado definir uns criterios xenéricos para a concesión de axudas a eventos e programas nunha mesma convocatoria mesturando actuacións de distinto tipo e envergadura, cada un dos cales responde a unhas necesidades diferentes e a unhas condicións específicas.
- V. Que co fin de asegurar o éxito da competición, fixando as bases da colaboración entre ambas as dúas entidades, estas conveñen en subscribir o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes.



CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio.

O obxecto deste convenio é establecer os mecanismos de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Asociación Liga Noroeste para a organización e desenvolvemento da Liga Galega de Traiñeiras correspondente a tempada 2017.

Con este convenio a Secretaría xeral para o Deporte colaborará cos gastos ocasionados con motivo da realización dos seus respectivos programas de promoción deportiva, no ano 2017, co fin de fomentar o deporte e a actividade física saudable no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, colaborando así no desenvolvemento do sistema deportivo galego.

Segunda.- Natureza e réxime xurídico.

Este convenio é de natureza administrativa e consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Seralle de aplicación ao convenio a normativa administrativa de carácter xeral constituída basicamente pola Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como a Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Ademais seralle de aplicación a súa normativa específica constituída basicamente pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, e o seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, nos seus preceptos declarados básicos, así como pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

Terceira.- Financiamento e importe da axuda.

3.1. Coa finalidade de cumprir o establecido na cláusula primeira, a Secretaría Xeral para o Deporte concédelle á Asociación Liga Noroeste unha subvención por un importe máximo de ata oitenta mil euros, (80.000,00€), imputables á aplicación orzamentaria e anualidade que de seguido se identifican:

04.40.441A.481.0.
Anualidade 2017

3.2. O importe da axuda finalmente concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade para a que se concedeu.

3.3 Será obrigatorio declarar as axudas, públicas ou privadas, solicitadas e recibidas con carácter previo á sinatura do convenio así como no momento da presentación de cada xustificación.

3.4 No suposto de que a Asociación Liga Noroeste presente unha renuncia expresa por imposibilidade de realización dalgunha actividade, a contía asignada a tal actividade será subtraída da contía resultante para o segundo pagamento, a non ser que a asociación solicite a realización doutra actividade de características similares e lle sexa expresamente concedida pola Secretaría Xeral para o Deporte, en cuxo caso se mantería a contía da subvención.

Cuarta.- Concorrencia con outras axudas.

Esta subvención é compatible con outras subvencións e axudas, públicas ou privadas, que poida acadar a Asociación Liga Noroeste para a realización das actuacións obxecto do presente convenio, sempre que a suma de todas as subvencións e axudas non supere os gastos asumidos pola asociación con motivo das actuacións obxecto da subvención.



Quinta.- Obrigas da Asociación Liga Noroeste.

5.1. Xunto ás obrigas legais que se deriven dos ámbitos materiais das subvencións, contratación e calquera outros que lles sexan de aplicación, así como as demais establecidas no presente convenio, son obrigas da asociación o cumprimento dos seus termos así como da normativa reguladora de subvencións, particularmente o establecido no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, e nos artigos correspondentes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

5.2. Para a sinatura, seguimento e control do convenio, é requisito indispensable a presentación da seguinte documentación:

- a) Anexo I - Documento de solicitude para a firma do convenio, onde se atopa recollido entre outros o seguinte:
 - Número de identificación fiscal (NIF) da Asociación Liga Noroeste.
 - Declaración responsable dos datos da conta bancaria onde se efectuarán os pagamentos.
 - Declaración responsable doutras subvencións ou axudas concedidas ou solicitadas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da UE ou de organismos internacionais.
 - Declaración responsable de non atoparse incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.
 - Declaración responsable de non atoparse incurso en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario recollidas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e demais normativa concordante.
 - Declaración responsable de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - Declaración de que todas as persoas vinculadas á asociación con motivo do desenvolvemento do convenio no ano 2017 que estean en contacto con menores, están en posesión do certificado negativo do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais (en cumprimento do artigo 13 da Lei orgánica 1/1996 do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, modificado pola Lei 26/2015 do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).
 - Declaración de adhesión ao manifesto pola igualdade no deporte asinado entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Secretaría Xeral de Igualdade.
- b) Anexo II - Relación clasificada de gastos e investimentos realizados.
- c) Anexo III - Relación de documentos e declaracións para a xustificación da subvención.
- d) Memoria económica explicativa de cada un dos gastos presentados nesta xustificación.
- e) Memoria de actividades deportivas realizadas correspondentes a cada unha das regatas que conforman a Liga Galega de Traíñeiras (masculina e feminina)..
- f) Certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, soamente no caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta.
- g) Número de Identificación Fiscal da entidade así como o NIF ou NIE do solicitante, soamente no caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta.



- h) Orzamento da asociación Liga Noroeste para a organización da Liga Galega de Traiñeiras 2017 masculina e feminina.
- i) Relación de clubs participantes na Liga Galega de Traiñeiras onde figure o nome da persoa que preside a entidade deportiva así como os datos de contacto da mesma.
- j) Normativa de competición e normativa de regatas, regulamento disciplinario e calquera outro que afecte a organización e desenvolvemento da Liga Galega de Traiñeiras 2017.
- k) Calendario de competición, indicando datas, sedes e clubs participantes en cada caso.

5.3. Con carácter posterior á firma do convenio, a Asociación Liga Noroeste estará suxeita as seguintes obrigas de carácter xeral e específico:

5.3.1. Obrigas de carácter xeral

- a) Executar o obxecto do presente convenio.
- b) Facilitar toda a información que lle sexa requirida e someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a Secretaría Xeral para o Deporte, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. Así mesmo, para a prevención da corrupción, e de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, modificada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, e co Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, a asociación queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control nacional ou europeo.
- c) Subministrarlle á Secretaría Xeral para o Deporte, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, logo do requirimento oportuno, toda a información necesaria para o cumprimento pola Secretaría Xeral para o Deporte das obrigas previstas no Título I da citada Lei.
- d) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, ao efecto das actuacións de comprobación e control.
- e) Colaborar e participar nas actividades de promoción do deporte que poida programar a Secretaría Xeral para o Deporte directa o indirectamente, así como publicitar e facer mención expresa da colaboración da Secretaría Xeral para o Deporte na organización do evento, asegurando a súa presenza nos diferentes actos protocolarios, de publicidade, presentación e celebración das diferentes regatas que conforman a Liga Galega de Traiñeiras así como nos diferentes medios de difusión dependentes da Asociación Liga Noroeste.
- f) Organizar a competición obxecto deste convenio (premios aos participantes, dinamización da competición, promoción exterior, comunicación, etc.).
- g) Distribuír a cada un dos clubs de remo participantes unha axuda económica de 1.720,00 € no caso da liga masculina, e unha contía de 6.000,00 € para a liga feminina a repartir entre os clubs participantes na mesma. Para isto será preciso a firma previa dun convenio de colaboración entre cada club participante e a Asociación Liga Noroeste onde se establezan as bases da participación na Liga galega de Traiñeiras.
- h) Contar cunha póliza de seguros que cubra os riscos inherentes ao desenvolvemento xeral do programa segundo o establecido no artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, modificado na Lei 13/2015 do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. A Secretaría Xeral para o Deporte queda exonerada de calquera reclamación, incluídas as dos danos e prexuízos, que se poidan derivar da organización do evento ou con motivo deste.



- i) Comunicar calquera eventualidade significativa na programación da proposta admitida.
- j) Calquera outra á que veña obrigada segundo os termos do presente convenio. Con carácter xeral comprométese a observar as obrigas relacionadas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

5.3.2. Obrigas de carácter específico

- a) Comunicar a Secretaría Xeral para o Deporte os datos referentes a resultados e clasificacións así como calquera outro dato considerado de interese cada luns seguinte á celebración de campionatos galegos, eventos nacionais e internacionais así como calquera outro considerado de especial relevancia.
- b) Velar pola igualdade efectiva entre mulleres e homes así como cumprir o establecido na Lei 19/2007 do 11 de xullo contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.
- c) Promover o incremento da participación daquel xénero cuxa práctica sexa minoritaria dentro da práctica deportiva da Asociación Liga Noroeste.
- d) Colaborar, fomentar e facilitar a participación no deporte das persoas con algunha discapacidade, tal e como se establece no artigo 51 da Lei 3/2012, do 2 de abril.
- e) Posibilitar a participación inclusiva de todas as persoas deportistas independentemente da súa raza, inclinación sexual, ideoloxía, sexo, discapacidade e relixión.
- f) Velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de prevención e loita contra a dopaxe no deporte.
- g) Velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de loita contra a violencia no deporte.
- h) Velar polo cumprimento por parte da asociación das obrigas establecidas con motivo da lexislación relativa á protección xurídica do menor e ao sistema de protección da infancia e adolescencia.
- i) Fomentar a posta en práctica de medidas encamiñadas á prevención de accidentes deportivos.
- j) Garantir os dereitos lingüísticos de todas as persoas, empregando o galego e o castelán nas súas comunicacións.

Sexta.- Pagamento.

O artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, prevé achegas anticipadas como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. O pagamento da presente subvención realizarase da seguinte forma:

- a) Un primeiro pagamento por importe de **20.600 €** en concepto de anticipo, conforme as previsións do artigo 63.1 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- b) O resto do importe, **59.400 €**, pagarase unha vez xustificado a totalidade do importe do convenio. A data límite de xustificación será o día 30 de setembro de 2017.

Sétima.- Xustificación da subvención.

7.1. Prazos de xustificación.

De acordo co artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Asociación Liga Noroeste deberá presentar ante a Secretaría Xeral para o Deporte a xustificación da subvención antes do 30 de setembro de 2017.



Logo de que transcorresen estes prazos sen presentar a xustificación correspondente na Secretaría Xeral para o Deporte, requiriráselle ao beneficiario que no prazo improrrogable de dez días presente a referida documentación. A falta de presentación da xustificación neste prazo levará consigo a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño.

7.2. Documentación que se debe entregar.

- a) Anexo II.- Relación clasificada da totalidade dos gastos e investimentos realizados.
- b) Anexo III.- Relación de documentos e declaracións para a xustificación da subvención.
- c) Facturas, con xustificación bancaria de que os pagamentos estean realizados cos requisitos esixidos no artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerárase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados pola Asociación Liga Noroeste.
- d) Memoria económica explicativa de cada un dos gastos presentados nesta xustificación.
- e) Memoria de actividades deportivas realizadas correspondentes a cada unha das regatas que conforman a Liga Galega de Traiñeiras (masculina e feminina).
- f) Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte mediante a achega dos documentos gráficos nos que quede a súa constancia.

7.3. De conformidade co establecido no artigo 42.3 do regulamento de subvencións de Galicia, para o caso de importes inferiores á 1.000,00 €, as facturas, e as xustificacións bancarias, poderán ser substituídas polos recibín do correspondente provedor. Esta posibilidade de xustificación por recibín queda limitada, en todo caso, aos ámbitos das arbitraxes, axudas de custo e quilometraxes.

7.4. No caso de facturas que superen o importe de 9.000,00 €, deberán achegarse polo menos tres orzamentos de tres empresas diferentes e a xustificación da elección da empresa correspondente. Os orzamentos deberán solicitarse e estar datados anteriormente á contratación levada a cabo pola asociación.

7.5. Para a xustificación económica do importe de 1.720,00 € que a Asociación Liga Noroeste debe distribuír a cada club de remo participante, deberá presentar o convenio asinado co club, as facturas ou copias así como os xustificantes bancarios dos pagamentos efectuados polo club necesarios para a participación na regata ou ben a factura oficial emitida polo club que detalle todos os servizos realizados e o custo de cada un deles, así como a transferencia bancaria da Asociación Liga Noroeste ao club correspondente.

7.6. Os documentos xustificativos de gastos e pagamentos deberán de estar datados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2017.

Oitava.- Gastos subvencionables.

- Os gastos de organización e xestión da actividade.
- Os gastos en publicidade ou relacións públicas.
- Non se considera gasto subvencionable o IVE cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

Novena.- Gastos non subvencionables.

Sen prexuízo do establecido na lexislación vixente, e no resto das cláusulas deste convenio, non son gastos subvencionables:

- Os xuros debedores das contas bancarias.
- Xuros, recargas e sancións administrativas e penais.



- Os gastos de procedementos xudiciais.
- Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- Os impostos sobre a renda das persoas física e xurídicas.

Décima.- Inexistencia de relación laboral

Dos acordos que se reflicten neste convenio de colaboración non se deriva en ningún dos casos dereitos ou obrigas de carácter laboral.

Décimo primeira.- Sustentabilidade

A Asociación Liga Noroeste velará por que as regatas que conforman a Liga Galega sexan sostibles desde o punto de vista económico social e medioambiental.

- Económico; mantendo as esixencias e necesidades do colectivo de participantes cunha redución no consumo dos recursos.
- Social; fomentando unha concienciación social no uso e respecto dos recursos e materiais.
- Medioambiental; utilizando, na medida do posible, sistemas capaces de cubrir as necesidades coa menor agresividade ao medio ambiente.

Décimo segunda.- Comisión de seguimento e interpretación.

Para o seguimento do grao de execución do presente convenio e a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar, créase unha Comisión integrada polos seguintes representantes:

- Dous representantes designados pola Secretaría Xeral para o Deporte.
- Dous representantes da Asociación Liga Noroeste.

No caso de conflito ou discrepancia, a Secretaría Xeral para o Deporte, por solicitude dalgunha das partes poderá actuar como árbitro.

As discrepancias que, elevadas para súa resolución, non sexan resoltas a satisfacción da parte que a formule, serán sometidas ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa. Non obstante, as incidencias que se poidan formular en relación coa concesión, xustificación e reintegro da presente subvención deberán resolverse pola Secretaría Xeral para o Deporte como órgano competente para a concesión da subvención, de acordo co artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a disposición adicional segunda do Decreto 176/2016, do 15 de decembro.

Décimo terceira.- Vixencia do convenio e causas de resolución .

13.1. A vixencia do presente convenio estenderase dende o día seguinte o da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2017, salvo denuncia expresa de calquera das partes. Non obstante esta vixencia, enténdense amparados polo presente convenio todos os gastos referidos dende o día 1 de xaneiro de 2017 ata o 30 de setembro do mesmo ano.

13.2. Son causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial do seu clausulado.
- A imposibilidade de realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- O acordo entre as partes.

En todo caso manterase a súa vixencia no relativo aos procedementos de control financeiro e reintegro dos fondos públicos achegados.



Décimo cuarta.- Reintegro ou revogación

No caso de que o beneficiario da subvención incumprise o disposto neste convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte revogará total ou parcialmente a subvención concedida, logo da audiencia do interesado.

Procederá o reintegro total ou parcial ao beneficiario das cantidades percibidas e as esixencias dos xuros de mora correspondentes, en aplicación do disposto nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño. As sancións en caso de incumprimento das obrigas fixadas ao beneficiario son as previstas nos artigos 59, 60 e 61 da citada lei.

Procederá a revogación da axuda e a obriga de reintegrala total ou parcialmente, así como, se fose o caso, a esixencia dos xuros de mora correspondentes nos supostos de:

- a) Obtención da axuda falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisén.
- b) Incumprimento total ou parcial do proxecto que fundamenta a concesión da axuda.
- c) Incumprimento das obrigas como beneficiario/a establecidas no convenio.
- d) A utilización dos fondos para fins distintos.
- e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro establecidas nestas bases, así como o incumprimento das obrigas contables, o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do proxecto subvencionado ou a concorrencia doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado.
- f) Resultar inviable a realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- g) Por previa solicitude expresa do beneficiario.

Décimo quinta.- Publicidade e rexistro de axudas.

O beneficiario da axuda coñece e consente a inclusión dos seus datos nos rexistros aos que, en virtude da normativa de publicidade á que está sometido o convenio, deberá dársele publicidade a esta subvención, en concreto, nos rexistros regulados polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Este convenio está suxeito ás obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e a súa sinatura leva implícito o consentimento expreso de todas as partes para as obrigas de publicidade impostas pola dita norma.

En proba de conformidade asínase o presente por triplicado no lugar e data arriba indicados.

A Secretaria Xeral para o Deporte
Marta Míguez Telle

PA (Artigo 5 do Decreto 88/2013, do 30 de maio)
A subdirectora xeral de Xestión Deportiva

O Presidente da Asociación Liga Noroeste

María Teresa Lorenzo Lemos

Federico Díaz García



ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A ASOCIACIÓN LIGA NOROESTE CON MOTIVO DA ORGANIZACIÓN DA LIGA GALEGA DE TRAIÑEIRAS MASCULINA E FEMININA DA TEMPADA 2017	PR004A	SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE

RAZÓN SOCIAL					NIF		
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	PISO	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
EN CALIDADE DE			

DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a:	• Persoa representante
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal .	
Só poderán acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.	
Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico ou teléfono móbil facilitados a continuación:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.							
TITULAR DA CONTA				NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)			
IBAN							



ANEXO I
(continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos.

☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se axuntan son certos.

3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pago das obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

6. Todas as persoas vinculadas á asociación con motivo do desenvolvemento da súa actividade no ano 2017 que estean en contacto con menores, están en posesión do certificado negativo do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais (en cumprimento do artigo 13 da Lei Orgánica 1/1996 do 15 de xaneiro, de Protección xurídica do menor, modificado pola Lei 26/2015 do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).

7. A adhesión ao manifesto pola igualdade no deporte asinado entre a Secretaría xeral para o Deporte e a Secretaría xeral de Igualdade.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada.

▪ DNI ou NIE da persoa representante

▪ NIF da entidade

▪ Certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT

▪ Certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas fronte á Seguridade Social

▪ Certificado de non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

☐ Orzamento da asociación Liga Noroeste para a organización da Liga Galega de Traíñeiras 2017 masculina e feminina

☐ Relación de clubs participantes na Liga Galega de Traíñeiras.

☐ Normativa de competición e normativa de regatas, regulamento disciplinario e calquera outro.

☐ Calendario de competición.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, se lle informa de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia ao obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a **Secretaría Xeral para o Deporte**, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a **programas.deportes@xunta.gal**.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--

Secretaría Xeral para o Deporte

ANEXO II

RELACIÓN CLASIFICADA DOS GASTOS E INVESTIMENTOS REALIZADOS

[illegible]



ANEXO III

RELACIÓN DE DOCUMENTOS E DECLARACIÓNS PARA A XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

DATOS DA ENTIDADE

RAZÓN SOCIAL	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
EN CALIDADE DE			

A PERSONA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que a subvención total concedida con cargo ao Convenio asinado foi de **80.000 €**
2. Que no momento da sinatura do Convenio recibiu como 1º anticipo a cantidade de **20.600 €**, equivalente ao 25,75 % do importe total.
3. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
 - ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos.
 - ☐ Si se solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

4. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
5. Que a entidade non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
6. Que a entidade non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Que a entidade está ao día no pago de deberes por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
8. Todas as persoas vinculadas á asociación con motivo do desenvolvemento da súa actividade no ano 2017 que estean en contacto con menores, están en posesión do certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais (en cumprimento do artigo 13 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección xurídica do menor, modificado pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Relación clasificada de gastos e investimentos por importe de _____ € (anexo II)
- ☐ Facturas do gasto incorrido, así como os documentos bancarios acreditativos do seu pago.
- ☐ Memoria económica explicativa de cada un dos gastos presentados.
- ☐ Memoria de actividades deportivas realizadas correspondentes a cada unha das regatas que conforman a Liga Galega de Traíñeiras (masculina e feminina).
- ☐ Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte, mediante a presentación da documentación gráfica correspondente.

A PERSOA REPRESENTANTE SOLICITA
O cobro do 2º pago por importe de 59.400 € , equivalente ao 74,25 % restante, unha vez xustificado o importe total da subvención.
SINATURA DA PERSONA REPRESENTANTE
Lugar e data
Secretaría Xeral para o Deporte